



Os Ourizos

Musical lúdico-educativo para a inclusión

Proposta didáctica





Introdución:

Nuns días o voso alumnado vai acudir á representación de *Os Ourizos, o musical*, unha **obra teatral e musical de monicreques** na que unhas carismáticas personaxes vivirán aventuras nun entorno da natureza galega. Unha ouriza de terra, un ourizo de mar, un ourizo de castaña e unha toxo formarán un grupo de rock que lles axudará a superar diversos problemas.

Na obra trátanse **valores como a inclusión, a amizade e o compañeirismo nun marco musical envolto en referencias á cultura galega, aos seus paisaxes e ao ecoloxismo e sustentabilidade**; polo que pode ser interesante a realización desta proposta didáctica antes do espectáculo para poder sacar proveito dun momento de lecer no que o alumnado pode seguir adquirindo novos conceptos en liña coas competencias e contidos comprendidos no seu ciclo.

A través desta proposta didáctica traballaremos nalgunhas **competencias reflectidas na Lei Orgánica 3/2020 (LOMLOE)** e no **Decreto 155/2022**, do 15 de setembro, reguladoras da educación formal, e que gardan relación cos contidos do espectáculo. Ademais, esta obra foi creada tendo en conta os aspectos normativos sinalados na **Orde do 8 de setembro de 2021**, pola que se desenvolve o **D. 229/ 2011** de atención á diversidade, e no **Decreto 155 de Educación Primaria**.

As actividades están deseñadas para facilitar ideas e contidos nas áreas de Coñecemento do Medio Natural, Social e Cultural e Educación Artística, aínda que o profesorado poderá enfocalo dun xeito máis globalizador e competencial segundo as necesidades do voso centro.

As actividades poderanse dividir nas sesións que sexan convintes antes ou despois do espectáculo e estarán enfocadas ao alumnado de primeiro e segundo ciclo de Primaria.



Actividades

As actividades aquí amosadas son **recomendacións ou suxerencias** que consideramos que enriquecen e nutren a visualización da representación. Evidentemente, non é preciso realizalas ou facelas todas, e pódense modificar e adaptar aos vosos gustos, intereses e necesidades particulares



Actividade 1: Coñecendo ás personaxes



Actividade 1: Coñecendo ás personaxes

Duración: 1 sesión

Saberes básicos:

- Primeiro ciclo - As adaptacións dos seres vivos, incluído o ser humano, ao seu hábitat, concibido como o lugar no que se cobren as súas necesidades.
- Primeiro ciclo - Clasificación e identificación dos seres vivos, incluído o ser humano, de acordo cas súas características observables.
- Primeiro ciclo - As relacións entre os seres humanos, os animais e as plantas. Coidado e respecto aos seres vivos e ao entorno no que viven, evitando a degradación do solo, o aire ou a auga.
- Segundo ciclo - Características propias dos animais que permiten a súa clasificación e diferenciación en subgrupos relacionados ca súa capacidade adaptativa ao medio: obtención de enerxía, relación co entorno e perpetuación da especie.
- Segundo ciclo - Características propias das plantas que permiten a súa clasificación en relación ca súa capacidade adaptativa ao medio: obtención de enerxía, relación co entorno e perpetuación da especie.
- Segundo ciclo - O patrimonio natural e cultural. Os espazos protexidos, culturais e naturais. O seu uso, coidado e conservación.

Competencias específicas e criterios de avaliación correspondentes:

Competencia específica 5 (área de Coñecemento do Medio Natural, Social e Cultural): Identificar as características dos diferentes elementos ou sistemas do medio natural, social e cultural, analizando a súa organización e propiedades e establecendo relacións entre os mesmos, para recoñecer o valor do patrimonio cultural e natural, conservalo, melloralo e emprender accións para o seu uso responsable.

- Primeiro ciclo - 5.1 Recoñecer as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural, social e cultural a través da indagación, utilizando as ferramentas e procesos axeitados de forma pautada.
- Primeiro ciclo - 5.2 Recoñecer conexións sinxelas e directas entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural por medio da observación, a manipulación e a experimentación.
- Segundo ciclo - 5.1 Identificar as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural, social e cultural a través da indagación e utilizando as ferramentas e procesos adecuados.
- Segundo ciclo - 5.2 Identificar conexións sinxelas entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural amosando comprensión das relacións que se establecen.

Descritores operativos:

- STEM1. Emprega, de maneira guiada, algúns métodos indutivos e deductivos propios do razonamento matemático en situacións coñecidas, e selecciona e emprega algunhas estratexias para resolver problemas reflexionando sobre las soluciones obtenidas.

- CCL3. Localiza, selecciona e contrasta, co debido acompañamento, información sinxela procedente de dúas ou máis fontes, avaliando a súa fiabilidade e utilidade en función dos obxectivos de lectura, e a integra e transforma en coñecemento para comunicala adoptando un punto de vista creativo, crítico e persoal á par que respectuoso ca propiedade intelectual.
- CC4. Comprende as relacións sistémicas entre as accións humanas e o entorno, e se inicia na adopción de estilos de vida sustentables, para contribuir á conservación da biodiversidade desde una perspectiva tanto local como global.
- CCEC4. Experimenta de forma creativa con diferentes medios e soportes, e diversas técnicas plásticas, visuais, audiovisuais, sonoras ou corporais, para elaborar propostas artísticas e culturais.

DESCRIPCIÓN: O alumnado aprenderá características de cada un dos animais reais que figuran na obra. Para cada un, propónse unha pequena tarefa, tentaremos insuflar un **ambiente de curiosidade, debate e interese** ao explicarlles que o aprendido nos conectará directamente ca obra que visualizarán nos posteriores días. O idóneo sería, en tempada outonal, aportar á sesión un **ourizo de castaña, castañas** ou conseguir algunha **cuncha de ourizo de mar**, de xeito que poidan apreciar tódalas características comentadas de xeito palpable e visual. En tempada outonal, tamén pode ser interesante realizar unha **saída** a unha castiñeira para observar o proceso das castañas e apreciar as características da flora e o bosque autóctono galego.

Na primeira metade da sesión, os alumnos realizarán un **debuxo libre** dos seguintes animais: ourizo de terra, ourizo de mar, o polbo e o esquío. Despois, en asemblea circular presentaremos tódolos debuxos xuntos no centro para poñer en relevo que características hai comúns en tódolos debuxos, de xeito que descubramos de que coñecementos parten para, a raíz dos mesmos, **salientar e ensinar as súas características específicas** a partir de fotos reais (ANEXO I).

Ourizos de terra (nome na obra CACHO): Son pequenos mamíferos que, na súa pelaxe, contan con pugas protectoras. Ao sentirse atacados, acurrúcanse sobre si mesmos, adoptando forma de “bola”, isto permite as súas pugas sobresaír en tódalas direccións. Son animais nocturnos e omnívoros, baseando a súa dieta en insectos, outros invertebrados, ovos de aves, verduras e froitas. Como curiosidade, contan cunha visión monocromática, puidendo só percibir a gama amarela. En Galicia contamos cunha especie particular, o Ourizo Cacho, que en específico conta cunha pelaxe máis escura e marrón.



- **Ourizos de mar (nome na obra RIZO):** Son equinodermos, animais acuáticos cuxo nome fai referencia a “pel de espiñas”. Os ourizos de mar galegos habitan na costa rochosa a uns 10 metros de profundidade (O Grove, Bueu, Ribeira...). O eirizo de mar é de cor escura, con tendencia a cores negras, verdes e violetas. As súas pugas son fortes e agudas e ao caer deixan ver un corpo dividido por grupos de placas. Nas súas cunchas podemos observar “facilmente” onde se ubicaban as pugas, o caparazón, a boca, o ano...



- **Polbos (nome na obra SEÑORA POLBO):** Son moluscos mariños invertebrados que se agochan en corais e zonas rochosas. A nivel anatómico, contan con oito raxos con ventosas, tres corazóns, nove cerebros e un pico (boca) polo cal inxiren as súas presas (peixes, crustáceos, algas...). Ao ter unha pel branda, son susceptibles de ser cazados por outros depredadores (baleas, golfinhos, aves...); mais contan cunha intelixencia (memoria, resolución de conflitos) e capacidade de adaptación (camuflaxe, propulsión e velocidade, depósito de tinta) moi alta que lles permite sobrevivir e vivir unha media de 4 anos.



- **Esquíos (nome na obra ESQUÍO):** Son pequenos mamíferos roedores que viven en hábitats forestais coma piñeirais e bosques caducifolios. Hai máis de 200 especies, tendo en Galicia unha propia coñecida como *esquío vermello*. Adoitan crear refuxios nos buratos das árbores do bosque galego. A nivel morfolóxico contan con garras curvas e afiadas, pelaxe avermellada que varía lixeiramente dependendo da estación e unha gran cola que lles axuda a equilibrarse nos saltos entre árbores e árbores, pois son unhas expertas en salto e axilidade. Son animais habitualmente herbívoros, alimentándose de froitos coma sementes de piñeiros, fabucos, noces, landras, castañas, cogomelos... Cando abunda a comida, acostuman agochar o excedente en escondedoiros (por exemplo en ocos de árbores ou enterramentos).





Ourizo de castaña e castaña (nome na obra PICHO): Os ourizos das castañas contan con agudas pugas que permiten protexer o froito do seu interior: a castaña, o froito das castiñeiras. En diversas zonas de España festexan diferentes tradicións relacionadas cas mesmas: o Magosto (Galicia), Festa da Castaña (Málaga), Castanyada (Cataluña)...



Para o toxo (nome na obra FLOR) dispoñemos varias fotografías de diferentes especies vexetais galegas (ANEXO II), tendo que adiviñar o alumnado cal delas é o toxo. Despois poderemos compartir algunhas curiosidades sobre este arbusto espiñento, como que as súas flores amarelas reciben o nome de chorimas, que en Galicia e na Bretaña francesa considérase flor nacional ou que lingüísticamente se lle coñece por moitos nomes: árgoma, cachal, toxo arnelo, toxo arnio, toxo cachas ou toxo cachudo. Ollo! A xesta é parecida morfolóxicamente, mais o toxo conta con pugas afiadas.



Na segunda metade da sesión, para os ourizos de terra, os ourizos de mar, o polbo e o esquío, propoñemos un **breve test oral e grupal** (ANEXO III), de xeito que poidamos salientar diferentes curiosidades e aspectos da vida destes animais.

Recursos didácticos:

Folios, ceras, gomas, sacapuntas, fotografías das personaxes e dos animais, fotografías de diferentes plantas galegas, elementos materiais coma ourizos de castañas, castañas ou cunchas dos ourizos de mar (opcionais)

Referencia de anexos:

ANEXO I: Fotos animais (a, b, c e d)
ANEXO II: Descubre o toxo (a e b)
ANEXO III: Test grupal oral



CACHO
Ouriza de terra

Ourizo en posición defensiva



**Ourizo cacho, típico galego, de pelaxe escura e
pugas curtas**



Ourizo cas súas crías



Ourizo africano, de pelaxe máis clara e con pugas longas





PICHO
Ourizo de castaña



Castañas no interior dos ourizos



Interior da castaña



Festexo dun Magosto: tradición con castañas e lume



Ourizos das castaña e follas do castiñeiro



RIZO
Ourizo de mar



Ourizo de mar ca súa típica cor morada



Interior do ourizo de mar



Boca do ourizo de mar



Caparazóns de ourizos de mar



SEÑORA POLBO
Polbo



O sifó, esencial na respiración do polbo



Pico e ventosas do polbo



Expulsión de tinta



Camuflaxe



ESQUÍO

Esquíó vermello



Salto de esquí



Expertos en trepamento de árbores



Creación de niños similares aos das aves e escondites nos buratos das árbores



ANEXO II-a: Descubre o toxo



ANEXO II-b: Descubre o toxo (respuestas)



ACIVRO



XIBARDA



QUEIROA



CODESO



TOXO



XESTA

O toxo, a xesta e o codeso son bastante semellantes. Para axudar a diferenciarlos ao alumnado, hai que ter en conta que nin a xesta nin o codeso teñen pugas, característica si visible nas ramas dos toxos.



ANEXO III: Test grupal oral

Sobre os ourizos de terra:

1. Hai ourizos de terra en Galicia? VERDADEIRO, podemos preguntar ao alumnado se viu un ourizo algunha vez.
2. Os ourizos de terra hibernan? VERDADEIRO, pódese aproveitar para explicar que é a hibernación (a dos ourizos dura de novembro a marzo).
3. Os ourizos comen leituga? FALSO, os ourizos de terra son principalmente insectívoros
4. Podemos ter un ourizo de mascota? FALSO, os ourizos de terra son animais salvaxes e como tal deben estar no seu hábitat natural para poder sobrevivir

Sobre os ourizos de mar:

1. Os ourizos de mar teñen dentes? VERDADEIRO, posúen decenas de dentes finos e fortes.
2. Os ourizos de mar poden vivir máis de cen anos? VERDADEIRO, algúns deles son moi lonxevos.
3. Os ourizos de mar poden ver? VERDADEIRO, pero non teñen ollos, ven a través das súas patas, polas que distinguen a luz
4. Os ourizos comen mexilóns? VERDADEIRO, tamén algas, plancto e caracois

Sobre o polbo:

1. O polbo ten un esqueleto interno pequeno? FALSO, os polbos carecen de esqueleto.
2. O polbo ten tres corazóns na súa cabeza? VERDADEIRO, posúen tres corazóns na súa cabeza que bombean sangue para cada unha das súas extremidades.
3. O polbo cambia de cor? VERDADEIRO, para camuflarse dos seus depredadores os polbos poden cambiar de forma e cor.
4. Os polbos son carnívoros? VERDADEIRO, aliméntanse doutros peixes ou moluscos máis pequenos.

Sobre os esquíos:

1. A cola dos esquíos é moito máis pequena co seu corpo? FALSO, a cola pode medir entre 15 e 20,5 cm, mentres que o corpo pode medir entre 19 e 24 cm.
2. Os esquíos comen cogumelos? VERDADEIRO, entre outros moitos elementos como sementes, baías, tallos, piñóns, algúns insectos, caracois...
3. Hai esquíos destros e zurdos? VERDADEIRO, pódese saber se o esquío é diestro ou zurdo segundo como come a piña.
4. Os esquíos fan niños? VERDADEIRO, fan niños moi parecidos aos das aves nas copas ou buratos das árbores.



Actividade 2: Instrumentos de refugallo



Actividade 2: Instrumentos de refugallo

Duración: 4 - 7 sesións

Saberes básicos:

- Primeiro ciclo - Estilos de vida sostible e importancia do coidado do planeta a través do coñecemento científico presente na vida cotiá.
- Primeiro ciclo - Responsabilidade ecosocial. Accións para a conservación, mellora e uso sustentable dos bens comúns. O maltrato e a súa prevención.
- Primeiro ciclo - Fases do proceso creativo: planificación guiada e experimentación.
- Primeiro ciclo - Construción asistida de instrumentos con materiais do entorno.
- Primeiro ciclo - Práctica instrumental, vocal e corporal: aproximación á experimentación, exploración creativa e interpretación a partir das propias posibilidades sonoras e expresivas.
- Segundo ciclo - Estilos de vida sustentable. O consumo e a produción responsables, a alimentación equilibrada e sustentable, o uso eficiente da agua e a enerxía, a mobilidade segura, saudable e sustentable, e a prevención e a xestión dos residuos.
- Segundo ciclo - Responsabilidade ecosocial. Ecodependencia e interdependencia entre persoas, sociedades e medio natural.
- Segundo ciclo - Fases do proceso creativo: planificación, interpretación e experimentación.
- Segundo ciclo - Construción guiada de instrumentos.
- Segundo ciclo - Práctica instrumental, vocal e corporal: experimentación, exploración creativa, interpretación e improvisación a partir das súas posibilidades sonoras e expresivas.

Competencias específicas e criterios de avaliación correspondentes:

Competencia específica 4 (área de Educación Artística): Participar do deseño, a elaboración e a difusión de producións culturais e artísticas individuais ou colectivas, poñendo en valor o proceso e asumindo diferentes funcións na consecución dun resultado final, para desenvolver a creatividade, a noción de autoría e o sentido de pertenza.

- Primeiro ciclo - 4.1 Participar de xeito guiado no deseño de producións culturais e artísticas elementais, traballando de forma cooperativa a partir da igualdade e o respecto á diversidade.
- Primeiro ciclo - 4.2 Tomar parte no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas de forma respectuosa e empregando elementos básicos de diferentes linguaxes e técnicas artísticas.
- Primeiro ciclo - 4.3 Compartir os proxectos creativos, explicando o proceso e o resultado final obtido, e valorando as experiencias propias e alleas.
- Segundo ciclo - 4.1 Participar de maneira guiada no deseño de producións culturais e artísticas, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final planificado e asumindo diferentes funcións, desde a igualdade e o respecto á diversidade.
- Segundo ciclo - 4.2 Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas, de forma creativa e respectuosa, utilizando elementos básicos de diferentes linguaxes e técnicas artísticas.
- Segundo ciclo - 4.3 Compartir os proxectos creativos, empregando estratexias comunicativas básicas, explicando o proceso e o resultado final obtido, e respectando e valorando as experiencias propias e as dos demais.

Competencia específica 6 (área de Coñecemento do Medio Natural, Social e Cultural): Identificar as causas e consecuencias da intervención humana non contorna, dende vos puntos de vista social, económico, cultural, tecnolóxico e ambiental, para mellorar a capacidade de afrontar problemas, buscar solucións e actuar de maneira individual e cooperativa na súa resolución, e para poñer en práctica estilos de vida sostibles e consecuentes non respecto, ou coidado e a protección das



persoas e ou planeta.

- Primeiro ciclo - 6.1 Mostrar estilos de vida sustentable e valorar a importancia do respecto, vos coidados, a corresponsabilidade e á protección dous elementos e seres do planeta, identificando a relación da vida das persoas cas súas accións sobre vos elementos e recursos do medio coma ou chan ou auga.
- Segundo ciclo - 6.1 Identificar problemas ecosociales, propoñer posibles solucións e poñer en práctica estilos de vida sostible, recoñecendo comportamentos respectuosos de coidado, corresponsabilidade e protección da contorna e uso sostible dos recursos naturais, e expresando os cambios positivos e negativos causados no medio pola acción humana.

Descritores operativos:

- STEM3. Realiza, de forma guiada, proxectos, deseñando, fabricando e avaliando diferentes prototipos ou modelos, adaptándose ante a incerteza, para xerar en equipo un produto creativo cun obxectivo concreto, procurando a participación de todo o grupo e resolvendo pacificamente os conflitos que poidan xurdir.
- STEM5. Participa en accións fundamentadas cientificamente para promover a saúde e preservar o medio ambiente e os seres vivos, aplicando principios de ética e seguridade e practicando o consumo responsable.
- CE1. Recoñece necesidades e retos que afrontar e elabora ideas orixinais, empregando destrezas creativas e tomando conciencia das consecuencias e efectos que as ideas puideran xerar na contorna, para propor solucións valiosas que respondan ás necesidades detectadas.
- CE3. Crea ideas e solucións orixinais, planifica tarefas, coopera con outros en equipo, valorando o proceso realizado e o resultado obtido, para levar a cabo unha iniciativa emprendedora, considerando a experiencia como unha oportunidade para aprender.
- CCEC4. Experimenta de forma creativa con diferentes medios e soportes, e diversas técnicas plásticas, visuais, audiovisuais, sonoras ou corporais, para elaborar propostas artísticas e culturais.

DESCRIPCIÓN: Na primeira sesión, explicaremos ao alumnado que imos craftear os nosos propios instrumentos musicais “cotidiáfonos”. Para iso, en asemblea circular matinaremos naqueles **materiais de refugallo que o alumnado pode recuperar e aportar** libremente das súas casas (botellas de plástico, recipientes de iogur, tubos de cociña, crachas de botellas e latas, cartóns, fíos, paquete de arroz ou lentellas, cintas...); nesta choiva de ideas tentaremos distribuír de xeito xusto a aportación do material. Para o alumnado que detectemos que poida ter dificultades para aportar material caseiro, podemos propor a creación de contentores (caixas de cartón) etiquetados para recuperar do patio escolar materiais específicos (tapóns, botellas de plástico, latas...). Noutro orde das cousas, tamén podemos salientar que, se algunha crianza ten familiares ou coñecidos que estén en contacto con establecementos de restauración, limpeza, fábricas ou asociacións específicas, tamén poden ser solicitados axuda na aportación destes residuos sobrantes. Finalmente, deixaremos transcorrer un mínimo de dúas semanas para recompilar todo o material.

Na segunda sesión, ubicaremos todo o material nunha mesa alongada comunitaria, de xeito visible para todos e todas. Explicaremos o **principio das tres erres**, puidendo comentar a procedencia destes residuos, analizar a cantidade e tipoloxía, salientando calquera curiosidade que detecten, explicar en que contentor ou de que forma se poderían reempregar ou reciclar os diferentes elementos... De seguido, observaremos o seu estado e, de ser preciso, hixienizaremos e desinfectaremos aquel que nos interese especialmente. O alumnado disporá desta segunda sesión para, individual ou en pequeno grupo (máximo 4 persoas) **idear co diverso material un sistema con**



resonantes que reproduza un ou varios tons, de xeito que poidan crear cadanseu instrumento musical funcional. Nesta sesión o alumnado poderá experimentar co diferente material aportado, buscando combinacións axeitadas, testeando os sons producidos, etc. Poderemos aportar exemplos en fotografías físicas (ANEXO IV) para que se poidan inspirar. Rematarán a sesión realizando un **bosquexo do seu prototipo**, anotando se precisasen recabar máis material para a seguinte sesión.

Nas seguintes dúas sesións o alumnado porase mans á obra na creación destes instrumentos. **Canta máis variedade, creatividade e cantidade de técnicas** exploren, máis enriquecedora será a actividade. Poderán **nomear a cada instrumento** dun xeito particular e, na última sesión, deberán **presentar** o instrumento ó resto da clase.

Unha vez feitas as presentacións, o alumnado poderá probar con coidado o dos seus compañeiros. Tras un tempo de **experimentación libre**, o alumnado creará unha pequena **composición sonora** na que poden utilizar eses instrumentos mailo seu corpo (palmas, pisadas, silbido, chasquidos...).

Por último, pode ser interesante dispoñer unha mesa alongada nos pasillos da escola onde **expoñer os instrumentos creados** e que o alumnado redacte unhas **fichas cos pasos e materiais específicos** para cada un dos instrumentos, de xeito que outras persoas poidan nutrirse do experimentado.

Recursos didácticos:

Cartóns, ceras, lapis, gomas de borrar, rotuladores, folios, botellas de plástico, recipientes de iogur, tubos de cociña, crachas de botellas e latas, recipientes metálicos, cartóns de leite, fíos, cintas e cordas, paquetes de arroz, pastas ou lentellas, celo, pegamento de barra e cola branca, pistola de silicon e barras de silicon, cúter, punzóns, ules...

Referencia de anexos:

ANEXO IV: Ideas instrumentos

ANEXO IV: Ideas instrumentos





Actividade 3: Música e Emoción

Actividade 3: Música e emoción

Duración: 1 - 2 sesións

Saberes básicos:

- Primeiro ciclo - Propostas artísticas de diferentes corrientes estéticas, procedencias y épocas producidas por creadores y creadoras locales, regionales y nacionales.
- Primeiro ciclo - O son e as súas calidades: identificación visual e auditiva e representación elemental de diversidade de sons e estruturas rítmico-melódicas a través de diferentes grafías.
- Primeiro ciclo - A vida en sociedade. Espazos, recursos e servizos da contorna. Formas e modos de interacción social en espazos públicos desde unha perspectiva de xénero.
- Primeiro ciclo - Identidade e diversidade cultural: existencia de realidades diferentes e aproximación ás distintas etnoculturas presentes na contorna. A convivencia cos demais e o rexeitamento ás actitudes discriminatorias. Cultura de paz e non violencia.
- Segundo ciclo - Principales propuestas artísticas de diferentes corrientes estéticas, procedencias y épocas producidas por creadores y creadoras locales, regionales y nacionales.
- Segundo ciclo - O son e as súas calidades básicas: discriminación auditiva, clasificación e representación de diversidade de sons e liñas melódicas a través de diferentes grafías.
- Segundo ciclo - Compromisos e normas para a vida en sociedade.
- Segundo ciclo - Os costumes, tradicións e manifestacións etnoculturais da contorna. Respecto pola diversidade e a cohesión social. A cultura de paz e non violencia.

Competencias específicas e criterios de avaliación correspondentes:

Competencia específica 4 (área de Coñecemento do Medio Natural, Social e Cultural): Coñecer e tomar conciencia do propio corpo, así como das emocións e sentimentos propios e alleos, aplicando o coñecemento científico, para desenvolver hábitos saudables e para conseguir benestar físico, emocional e social.

- Primeiro ciclo - 4.1 Mostrar actitudes que fomenten o benestar emocional e social, identificando as emocións propias e as dos demais, mostrando empatía e establecendo relacións afectivas saudables.
- Segundo ciclo - 4.1 Identificar as emocións propias e as dos demais, entendendo as relacións familiares e escolares ás que pertencen e recoñecendo as accións que favorezan o benestar emocional e social.

Competencia específica 1 (área de Educación Artística): Descubrir propostas artísticas de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa, para desenvolver a curiosidade e o respecto pola diversidade.

- Primeiro ciclo - 1.1 Descubrir propostas artísticas de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade e respecto polas mesmas.
- Primeiro ciclo - 1.2 Describir manifestacións culturais e artísticas da contorna próxima, explorando as súas características con actitude aberta e interese.
- Segundo ciclo - 1.1 Recoñecer propostas artísticas de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade e respecto polas mesmas.
- Segundo ciclo - 1.2 Describir manifestacións culturais e artísticas, explorando as súas características con actitude aberta e interese e establecendo relacións básicas entre elas.



Descritores operativos:

CCL1. Expresa hechos, conceptos, pensamientos, opiniones o sentimientos de forma oral, escrita, signada o multimodal, con claridad y adecuación a diferentes contextos cotidianos de su entorno personal, social y educativo, y participa en interacciones comunicativas con actitud cooperativa y respetuosa, tanto para intercambiar información y crear conocimiento como para construir vínculos personales.

CCL2. Comprende, interpreta y valora textos orales, escritos, signados o multimodales sencillos de los ámbitos personal, social y educativo, con acompañamiento puntual, para participar activamente en contextos cotidianos y para construir conocimiento.

CCL5. Pone sus prácticas comunicativas al servicio de la convivencia democrática, la gestión dialogada de los conflictos y la igualdad de derechos de todas las personas, detectando los usos discriminatorios, así como los abusos de poder, para favorecer la utilización no solo eficaz sino también ética de los diferentes sistemas de comunicación.

CPSAA1. Es consciente de las propias emociones, ideas y comportamientos personales y emplea estrategias para gestionarlas en situaciones de tensión o conflicto, adaptándose a los cambios y armonizándolos para alcanzar sus propios objetivos.

CPSAA3. Reconoce y respeta las emociones y experiencias de las demás personas, participa activamente en el trabajo en grupo, asume las responsabilidades individuales asignadas y emplea estrategias cooperativas dirigidas a la consecución de objetivos compartidos.

DESCRIPCIÓN: Comenzaremos a sesión definiendo as **emocións**, explicando a súa **tipoloxía** (básicas e secundarias) e **funcionalidade** (atención de necesidades), explicaremos a diferencia entre emoción e sentimentos.

Despois faremos parellas co alumnado e lles entregaremos a cada unha unha **fotocopia das letras** de cada canción (para segundo ciclo). Reproduciremos as pistas de audio incitando un clima de atención, silencio e concentración.

Cada canción traballa un sentimento ou emoción en específico, tras escoitala, comentaremos en debate circular diferentes aspectos sobre cada unha:

- Que nos transmite a canción ?
- Que emocións e sentimentos reflicte a canción?
- Que exemplos de vivencias e experiencias poden evocar esas emocións e sentimentos?
- Algún alumno ou alumna se anima a compartillar experiencias propias que lle provoquen emocións/sentimentos similares aos da canción?

Tamén podemos analizar o tema musicalmente, encaixándoo nun xénero musical, xa que contamos con catro xéneros ben diferenciados entre as cantigas da obra:

- Rock and roll: xénero caracterizado pola súa enerxía, guitarras eléctricas, ritmos frenéticos.
- Pop: música melódica creada para ser pegadiza, xa que adoita utilizar os mesmos acordes e unha mesma estrutura.
- Rap: xénero musical que lle da unha importancia moi relevante á letra e á rima, xa que se caracteriza por un tipo de voz moi falada.
- Música clásica: música que prevaleceu no tempo e chegou ata os nosos días. Creada para a interpretación de moitos instrumentos, gran riqueza armónica e melódica.

Podemos tamén abrir unha conversa co alumnado sobre que cancións que eles coñezan poden encaixar nestes xéneros.

**Recursos didácticos:**

Letras das cancións, pistas de audio das cancións vía Drive/Youtube previo acordo co colexio

Referencia de anexos:

ANEXO V: Letras das cancións (a, b, c e d)

ANEXO V.a: Letras das cancións

CANCIÓN SOBRE MARXINACIÓN

Estou aquí soíña, aquí no meu rincón
ninguén quere abrazarme, non sei por que razón.

Serán as miñas pugas? Eu espero que non
que non podo evitalas, non son de quita e pon!

Non, non, non, non son de quita e pon,
son fortes e fermosas, son parte do que son.

Non, non, non, non son de quita e pon,
se me queres é con elas, sen elas eu non son...

CANCIÓN SOBRE AMIZADE

Eu son a cachouriza e no monte vivo,
eu ourizo do mar da Ría de Vigo.

Hoxe nos coñecemos de casualidade,
parece que comeza unha gran amizade.

Ti de mar e eu de terra, as nosas pugas se asemellan
non tiñamos a ningún amigo,
só quero pasar tempo contigo.

A música conseguiu unirnos,
tendo mundos tan distintos
o teño claro e quero dicilo: aquí sempre terás un amigo

ANEXO V.b: Letras das cancións

CANCIÓN SOBRE A LEDICIA NO OUTONO

Que gustiño o sol na cara en outono de mañá
hoxe vou coller castañas, o Magosto vai chegar.
As árbores cheas de cores, caen as follas polo chan
imos a xogar ao monte...

CACHOURIZO: Ai! Aquí hai ourizos de castaña! Como pinchan!

OURIZO DE MAR: Pois coma nós! ha, ha, ha.

CACHOURIZO: Tes razón! ha, ha, ha.

OURIZO DE MAR: Veña vai! 1, 2, 1, 2, 3, 4!

Para coller castañas os teus pes debes de usar,
así é máis doado e non te pincharás.

O ourizo non é malo, só está para protexer
a castaña que está dentro e que ti queres comeeeeeer!

CANCIÓN ESFORZO

Para os teus soños conseguir non te podes rendir
pon o corazón no que fagas e o universo axudará!
Non pases por enriba do resto das persoas
e mellor axudarse, non chegamos lonxe soas!

CHORUS

Vamos a crear un mundo onde hai oco para todos,
axudemos e apoiemos pa' cumprir os nosos soños.
Haberá días bos e haberá días malos, a familia e os amigos sempre
están para axudarnos.

ANEXO V.c: Letras das cancións

CANCIÓN SOBRE TRISTEZA E DESÁNIMO

CHORUS:

Que chungo é ter pugas, meu amigo
non hai ninguén que queira estar comigo.
Eu só quería que me abrazasen,
pero non ocorreu...

Non quero sufrir máis, estou canso desta sociedade
sen solidaridá, todo o mundo nos despreza!
(Só de guitarra)

CHORUS

CANCIÓN AS PUGAS GÚSTANME PARA TOCAR

Teño pugas, si que pasa
se non che gustan vai pra casa,
nós somos os Ourizos, estamos cheos de pinchos.
Non te metas con nós, xa estamos un pouco cansos
de que todos nos critiquen a ver si ides parando.

CHORUS

Mira, mira as miñas pugas, mira, mira que fermosura
afiadas e moi duras gústanme para tocar: a guitarra, a batería, o baixo todo o
día, non podo parar! As pugas gústanme para tocar!

Con esta base eu che canto este estilo moi urbano
escoita ben o que che digo os Ourizos van partilo.
Agora a dobre tempo, rimando todo contento
fágoche unha melodía que ninguén máis podería.
Seguindo sempre o ritmo, facendo algo distinto,
nós somos os Ourizos e aquí xa non nos imos!

CHORUS

ANEXO V.d: Letras das cancións

CANCIÓN FINAL “PUGAS”

CHORUS:

Somos os Ourizos,
as nosas pugas non son de quita e pon
non non non,
non son de quita e pon (x2)

Eu son a ouriza da terra
anda con ollo se me ves pola estrada
se te achegas me fago boliña
se me das tempo seremos amigas
Coñeces a Sonic? Eu son a súa prima
Que non son tan veloz? se me fago boliña, flipas chaval!

Eu son o Ourizo de Mar así que cando a marea baixa
anda con moito ollo non me vaías pisar, non vai ser que, aí! E pincheite!
Vale? así que mira por onde andas, rapaz.

Eu son o Ourizo de castaña, toско seco e aromático.
Ten coidado cando vais recoller castañas leva sempre luvas
non vaia ser que te pinches coas miñas pugas.
Parezo seco e sen sabor, pero se quentas un bo lume descubrirás que non
podes ter un outono sen min.

Eu son a Toxo, estos son Caixa e Bombo PUM PAM PUM PUM PUM PAM
Parezo moi riquiña coa flor amareliña
estouche dando aviso por aquí non veñas LIXO
Vai polo camiño sempre limpo e dereitiño
se te vexo cunha lata vai correndo para CASA.

ANEXO V.d: Letras das cancións

non veñas máis a ensuciar TI
Estou aquí pa pinchar EU
Non te vaías achegar TI
Estou en todo lugar EU
Grazas por manter os montes limpos, rapaces.

CHORUS

